

**20 Martes**  
Dona Barriga Verde  
12:00 Campo Maneiro / Taragoña  
21:00 Centro Cultural Vicente Vidal / Leiro

**21 Mércores**  
O cego dos monifates  
11:00 > 14:00 Mercado, Praza Castelao  
Sidulfo e o diaño  
12:00 Campo do Souto de Isorna  
Variatés do animalario  
21:00 Centro Sociocultural "A Capela do Araño"

**22 Xoves**  
O día em que a morte sambou  
12:00 Auditorio de Rianxo - S. "Arcos Moldes"  
Títeres e medio(mesa redonda)  
20:00 Pazo de Rianxiño

**23 Venres**  
Vacacións no mar  
12:00 Parque da Santa Lucía / Asados  
Maldita máscara  
20:30 Pazo de Rianxiño  
Variatés(música + actuacións)  
23:00 Patio do Ceip A. D. R. Castelao

**24 Sábado**  
Retrocuentos  
12:00 Auditorio de Rianxo - S. "Arcos Moldes"  
Feira das sementes  
21:00 Pazo de Rianxiño

+ EXPOSICIÓNS  
+ OBRADOIROS



} PROGRAMA COMPLETO

Reserva as entradas gratuitas en:  
<https://concelloderianxo.gal/reservas>

981 100 688

J SE CHOVE...  
Consultar a programación  
por troco de locais

**VI TITIRIBERIA**  
FESTIVAL DE TÍTERES  
TRADICIONAIS

20 ao 24 de xullo, 2021

**Rianxo**  
*Cachaporras de pau de laranxo*



# Memoria xustificativa de Titiriberia 2021

## DESCRIPCIÓN DAS ACTIVIDADES

Titiriberia regresou a Rianxo cunha edición chea de novidades: no formato, nos espazos e na estación, que fixeron deste festival único na península, unha cita irresistible para persoas amadoras dos monicreques e a tradición.

Cinco días de programación no tempo de verán durante os que gozar cos espectáculos, mesa redonda, obradoiros, presentación de libros ou exposicións.

Levamos as artes escénicas ao tecido asociativo do concello, con colaboracións con asociacións de Rianxo e presenza nos seus locais, e integramos actividades do festival nos campamentos de conciliación municipais, a facilitar a participación do público máis novo. Tamén traballamos a formación de público a arte-llar conversas coas compañías participantes en varios dos espectáculos. Ademais, descentralizamos a oferta do festival, viaxando dunha parroquia a outra a seguir o ronsel dos vellos grupos titiriteiros a achegar unha nova historia en cada recuncho, levando espectáculos ao Araño, Isorna, Taragoña, Leiro, Asados e Rianxo.

**Propostas dirixidas a crianzas, mozos e mozas, maiores e moi maiores que gozaron dos bonecos e da rica tradición do títere de cachaporra.**

### CUMPRIMENTOS DO PUNTO 3

O 88,89% das compañías contratadas para a realización das actuacións do festival foron galegas (13 compañías profesionais e 3 amadoras), é dicir, todas as participantes agás dúas, unha brasileira (Habib&Valeria) e a outra catalá, La Fábrica Fantástica.

Todos os espectáculos, exposicións e actividades programadas transcorreron integramente en galego, agás as actuacións de La fábrica Fantástica e o número de Rafael Rey dentro do espectáculo de variedades que foron en castelán, e a de Habib&Valeria que foi en portugués. Isto supón que o 89,66% das actividades foron en galego (26), unha en portugués e dúas en castelán. Todas as accións de comunicación desenvolvidas foron exclusivamente na nosa lingua, tal e como se acredita nesta memoria e en concreto no apartado 5 da mesma (Repercusión en medios de comunicación e redes sociais).

# 1. ESPECTÁCULOS

20 DE XULLO

**Dona Barriga Verde.**

**Larraitz Producións Artísticas (Galiza).**

Dona Barriga Verde é unha obra de títere de cachaporra que integra elementos do Barriga Verde do noso país con préstamos doutras tradicións titiriteiras europeas. Os paisanos, o demo ou a morte, atópanse en escena co crocodilo ou o bebé, habituais do Punch Inglés. E todo cunha grande particularidade: a de desafiar as convencións do xénero, xa que por vez primeira no noso país, Barriga Verde, a protagonista da obra, é unha muller. Deste xeito, sen perder os gags clásicos, a artista achega novas perspectivas aos roles de xénero e aos estereotipos desta tradición. A Asociación Cultural Morreu o Demo colabora neste proxecto, prestando asesoramento histórico e documentación. Canda a Larraitz Urruzola, encargada do manexo dos bonecos, o espectáculo conta coa dirección de Santi Prego, cos bonecos e atrezzo realizados por Borja Insua, coa caracterización pictórica dos títeres e deseño do retablo de Kukas e co vestiario de Bety Busto.

- Información do espectáculo: <https://www.larraitzurruzola.com/dona-barriga-verde/>
- Vídeo: <https://youtu.be/M0cclC-2Ct8>
- 12.00 h.
- Campo Maneiro de Taragoña / [Localización en google maps](#)
- +5 anos
- 21.00 h.
- Centro Cultural Vicente Vidal de Leiro / [Localización en google maps](#)
- +5 anos

21 DE XULLO

**O cego dos monifates.**

**Seisdedos animación (Galiza).**

A compañía de Maese Seisdedos, cego e monicrequeiro ambulante, realiza as súas representacións usando a técnica tradicional do bululú galego na que o lazarillo manipulaba os bonecos oculto na capa do cego que tocaba a zanfona. Representa contos medievais e populares, romances históricos, romances de

cego, pequenas pezas teatrais, cancións tradicionais, contos e narracións da literatura galega.

Nestas representacións reflíctese sempre a dinámica clásica da picaresca e dos enganos entre o cego e o lazarillo. Incorporáanse ademais, a este espectáculo, algúns bonecos tradicionais xa desaparecidos para realizar algúns sketches nos que prima a participación do público con danzas e cancións.

- 11.00 h. > 14.00 h.
- Praza Castelao (itinerante polo mercado) / [Localización en Google maps](#)
- Todos os públicos

### **Sidulfo e o diaño. Trécola (Galiza).**

Sidulfo traballa día e noite para un home sen corazón que nin vive nin deixa vivir, até que aparece un aposto e elegante diaño cunha máxica proposta que solucionará todos os seus problemas.

Un espectáculo teatral con entremeses, no que un presentador tenta levar o fío da historia librándose dun espectador que non consegue atopar o seu lugar no teatriño.

A compañía Trécola, creada en 1981, presenta unha adaptación propia da obra clásica de guiñol a partir da improvisación, renovándose en cada función desde o ano 2005. Os actuais integrantes da compañía son a segunda xeración, mantendo os obxectivos orixinais de dignificación e o protagonismo das marionetas como ferramenta artística no teatro.

A súa proposta escénica está baseada en anos de experimentación no manexo e construción de diferentes tipos de marionetas, á procura da mellor opción segundo as necesidades do personaxe ou escena.

Asemade, procuran fomentar, sempre desde o divertimento, valores coma a igualdade, o respecto e o apoio mutuo, incidindo na importancia da educación emocional e do respecto pola natureza.

Trécola conta actualmente con oito obras en repertorio. O actual cadro artístico e técnico da compañía leva dezaoito montaxes estreadas, creadas na súa maioría desde a nada e construíndo escenografías, estruturas, marionetas e guións, deseños de iluminación, selección de músicas, vestiarios. Un labor apaixonado de dous artistas que se automean con fachenda "titiriteir@s".

Información da compañía: <http://marionetastrecola.com/quen-somos-1/>

- 12.00 h.
- Campo do Souto-Isorna / [Localización en Google maps](#)
- Público familiar

## Varietés do animalario.

### Paporrubio (Galiza).

Nun contexto humorístico e divertido, a raposa e o lobo vense envoltos nun conflito pola propiedade dunha pereira con sete peras, á que misteriosamente lle van desaparecendo as peras unha a unha. No texto vense cuestionados os roles habituais que teñen a raposa e o lobo na cultura galega de tradición oral; os dous vólvense vexetarianos, son rexeitados polos seus grupos habituais de compañía e acaban sendo compañeiros a causa do amor pola pereira coas sete peras. Todo isto, acompañados das características humorísticas clásicas da tradición de monicreques galega: os enredos lingüísticos, a cachaporra, a astucia do heroe e do antiheroe...

O punto de partida para este texto orixinal é unha cantiga de tradición oral recollida no libro *Músicas do Courel* de Xosé Luís Foxo. Nela, a raposa e o lobo, están fatigados ao pé dunha pereira, e distintas personaxes, ao modo das figuras literarias asociativas moi habituais na tradición oral galega, aparecen na canción, sen outro obxectivo que “provocar” unha historia surrealista e cunha clara tinta onomatopeica e de enredo. É con esta canción, explicada cun cartel de deseño contemporáneo, mais ao modo dos clásicos carteis de cego de literatura de cordel, como remata a peza.

- Información do espectáculo: <https://urdime.gal/project/varietes-do-animalario/>
- Vídeo: <https://youtu.be/0iL-X1XEcX8>
- 21.00 h.
- Centro Cultural A Capela do Araño / [Localización en Google Maps](#)
- + 3 anos
- 22 de xullo

## O día em que a morte sambou.

### Habib e Valeria (Portugal/Exipto/Galiza) - Idioma Portugués.

Seu Biu é un vello brincador que non deixa que a súa idade nin a morte poñan fin á súa alegría de vivir. A pesar de vivir só e ser obxecto de moitas críticas e envexas, vive sorrindo e bailando, feliz e despreocupado. Ten música, danza e, sobre todo, unha forte conciencia da súa profunda conexión coa natureza. Un día, a Morte decide buscalo. Pero cando chega á casa do ancián, é recibida dun xeito totalmente inesperado...

A compañía galego-exipcia emprega a antiga técnica das sombras chinesas para pór en escena esta orixinal historia en portugués.

- Ligazón á información do espectáculo: <https://habib-valeria.com/teatro-morte/>
- Vídeo: <https://youtu.be/7bnZO0PNyDg>
- 12.00 h.
- Auditorio de Rianxo-Sala Arcos Moldes / [Localización en Google maps](#)
- + 5 anos

**MESA REDONDA: Títeres e medios. Unha relación inexistente.**  
**Conducido por Comba Campoi.**

Poderíamos pensar que a linguaxe dos medios é incompatible coa do teatro de formas animadas, mais a historia contradinos. Na súa época, autores como Vicente Risco, Álvaro Cunqueiro ou Rafael Dieste, si escribiron artigos sobre monicreques na prensa. Nalgúns lugares do mundo, tamén en Galiza, algunhas persoas teiman en escribir sobre artes escénicas nos medios e mesmo outras, máis tolas aínda, conseguen sacar adiante publicacións especializadas nesta linguaxe escénica. Nesta conversa xuntamos algunhas destas persoas: Xoan Carlos Riobóo, da revista Erregueté; Jorge Rey, titiriteiro que dirixiu a única experiencia dunha revista galega especializada en monicreques, a Bululú; e Lara Rozados, xornalista, crítica e investigadora teatral. Entre os tres tentaron atopar respostas a algunhas desas cuestións e a outras que foron xurdindo, sobre esa difícil relación entre monicreques e medios de comunicación. Entre outras, as conclusións foron que os medios de comunicación convencionais non adican moito espazo ao teatro de títeres, menos aínda se está en galego, por unha cuestión de clase. Considérase unha arte de segunda. Daí a necesidade de dotarse de medios propios para difundir o labor das compañías e de colectivos como Morreu o Demo. O público asistente participou na última parte da charla, comentando o interese que podía ter que se afondara en recuperar a figura de Rafael Dieste ou Castelao como autores de pezas para títeres.

- 20.00 h.
- Auditorio de Rianxo (Previsto no Pazo do Rianxiño, mudouse aí por mor da chuvia)
- Público adulto

23 XULLO

### Vacacións no mar.

#### Mircromina (Galiza).

Vacacións no Mar é un espectáculo de monicreques de luva no que se conxuga a tradicional estilo da cachaporra, tan eficaz dramaticamente, cuns caracteres e aconteceres renovados para o público de hoxe en día. Na obra, a Marina encantaríalle viaxar polo mundo adiante. Un día, Moncho chega a porto no seu veleiro Ovos con patacas... mais nun descoido o pirata Ollo Virolo toma prestada a nave e faise ao mar. Tras 45 minutos de acción... cumprirá Marina o seu soño de dar volta ao planeta? Nun formato pensado especialmente para actuacións na rúa e cun sinxelo e eficaz guión, uns personaxes de marcado carácter e un ritmo trepidante, Mircromina fai a súa contribución á renovación deste xénero dramático para goce de todos os públicos.

- Ligazón á información do espectáculo: <http://mircromina.es/vacacions-no-mar/>
- Vídeo: <https://youtu.be/Sy6bcfN36j0>
- 12.00 h.
- Patio cuberto do CEIP Ana M<sup>a</sup> Dieguez (Previsto no Parque de Santa Lucía, mudouse aí por mor da chuvia e a alta solicitude de entradas)
- Público familiar

### Máscara maldita (ESTREA).

#### Indignati (Asociación Galega de Commedia dell'Arte), coa colaboración na produción da Asociación Morreu o Demo (Galiza).

O 18 de xullo de 1984, o Piccolo Teatro de Milán levou a escena o seu Arlecchino servitore dei due padroni, durante o Olympic Arts Festival en Los Ángeles, nos Estados Unidos de América. Á volta, o barco que transportaba os colectores coa escenografía, vestuario, atrezzo e demais viuse inmerso nunha terrible tormenta no medio do océano. Non houbo vítimas nin graves danos para a nave, pero o barco perdeu parte da mercancía no mar...

Máscaras, contos, música en directo, acrobacia e acción trepidante fúndense nun interesante exercicio de interpretación que nos revela os máis profundos segredos da Commedia dell'Arte.

- 20.30 h.
- Centro Cultural A Capela do Araño / [Localización en Google Maps](#) (Previsto no Pazo do Rianxiño, mudouse aí por mor da chuvia)
- Todos os públicos

## Animación de rúa.

### Alakrán animación (Galiza).

A compañía Alakrán reproduciu números habituais nas feiras de antano e inspirárase nos números que desenvolvía a familia Silvent ante a porta para atraer o público co fin de animar a entrada ao espectáculo de varietés. Coa súa gaita e con números de monicreques á planchette, interactuou co público ao máis puro estilo das feiras tradicionais.

- 22.00 h.
- Auditorio de Rianxo (Previsto No Ceip Castelao, mudouse aí pola chuvia)
- Todos os públicos

## As varietés do Barriga Verde.

Esta proposta escénica é unha iniciativa do festival Titiriberia que pretende reproducir, desde unha óptica actual, o espectáculo que a familia Silvent realizaba na súa barraca e no que estaba incluída a peza de Barriga Verde. Canción melódica, malabares, marionetas, equilibrismo e números de clown sucédense nun ambiente de cabaré orientado ao público adulto. Na montaxe contouse con profesionais do teatro de monicreques, do novo circo e do cabaré con ampla traxectoria.

Nesta ocasión, participaron nas varietés Larraitz Urruzola, Títeres Alakrán, Rafa Rey, Teatro Airiños e a artista de clown Malala. Todo conducido pola actriz e cantante Iria Pinheiro e acompañado de música ao vivo cun cuarteto da Escola de Música de Rianxo, coordinado por Bernal Muíños.

Ademais, o espectáculo serviu de marco para a presentación do libro "República Sideral" de Esther Carrodegua, recente premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques.

- 23.00 h.
- Auditorio de Rianxo (Previsto No Ceip Castelao, mudouse aí pola chuvia)
- Público adulto



24 DE XULLO

### Retrocuentos.

#### La Fábrica Fantástica (Catalunya)- Idioma castelán.

O espectáculo Retro Contes, artellado a partir de textos de Gianni Rodari, mestura proxeccións, manipulación de monicreques e traballo actoral sobre o escenario. A historia dun pai e da súa filla separados polo traballo e que manteñen a súa relación a base de contos, convida ás familias a unha reflexión sobre a importancia das historias para manter a humanidade nun mundo opresivo.

- Vídeo: [https://youtu.be/eXHGg\\_YmkTI](https://youtu.be/eXHGg_YmkTI)
- 12.00 h.
- Auditorio de Rianxo - Sala "Arcos Moldes" / [Localización en Google Maps](#)
- + 4 anos

Presentación do libro "Fábulas da montaña" de Inacio Vilariño  
Ed. Embora

Libro convertible a teatro de papel cos personaxes cuñados e listos para xogar ás marionetas, baseado nas fábulas orixinais en verso de Concepción Arenal.

- 20.00 h.
- Auditorio de Rianxo (Previsto no Pazo do Rianxiño mudouse aí pola chuvia)
- Público familiar

### Feira das sementes (ESTREA).

#### Babaluva (Galiza).

Feira das Sementes é a feira máis pequena do mundo. Unha feira onde nada se vende, onde as sementes se trocan por outras, por un conto, un refrán, unha canción ou unha adiviña.

Mirari, unha vasca afincada en Galiza, percorre o país coa súa Feira das sementes. No seu postiño leva para trocar semente das fabas de Tolosa, de trigo candéal e outros cereais. Ela dá, mais tamén recolle. Nesta ocasión, en troca dunhas sementes de roseira e de garavanzo, representará con marionetas os contos A proba da semente e Garavanciña e o esquío. Finalmente, para denunciar o sequestro que algunhas multinacionais da alimentación fan das sementes, representará con monicreques de cachaporra O rapto do centeo.

- 21.00 h.
- Auditorio de Rianxo (Previsto no Pazo do Rianxiño mudouse aí pola chuvia)
- + 2 anos
- Vídeo da Estrea: <https://youtu.be/HQUtYT3tRIU>

## ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

### 1 — Mesa redonda

#### Títeres e medios. Unha relación inexistente

#### Conducido por Comba Campoi

Convidadas: Xoan Carlos Rioboo (revista Erregueté), Jorge Rey (Títeres Cachirulo) e Lara Rozados (xornalista e investigadora).

- 22 de xullo
- 20.00 h.
- Auditorio de Rianxo (Previsto no Pazo do Rianxiño mudouse aí pola chuvia)

### 2 — Obradoiros

#### Construción de títeres con material de refugallo e de títeres en igualdade

Ao integrar o programa do festival coas actividades do Campamento de Conciliación no verán do Concello de Rianxo, desenvóléronse obradoiros que mesturan a construción de bonecos coa súa manipulación. A partir de material de refugallo, as persoas participantes crearon un boneco propio. A continuación, presentouse unha pequena peza onde se amosou unha situación de desigualdade e un conflito que se resolve de xeito violento. Os/as participantes achegaron reflexións sobre as posibles solucións non violentas para o dito conflito. As solucións quedaron plasmadas en pequenas pezas escritas que se representaron cos monicreques dos propios/as rapaces/as.

- 20, 21 e 22 de xullo
- de 11.00 a 12.30 h
- Campamentos de conciliación nas distintas parroquias

### 3 — Recollida das testemuñas

#### Café da memoria sobre Barriga Verde - cancelouse por aumento da incidencia COVID na zona

Para aproveitar a presenza no público de persoas de idade que lembran a Barriga Verde e a outras familias de titiriteiros tradicionais con presenza en Rianxo ou na contorna, desenvóléronse entrevistas e gravacións de vídeo e audio cos seus testemuños, enriquecendo o noso coñecemento sobre o personaxe, a vida dos titiriteiros e as feiras tradicionais. Para localizar estas persoas que poidan ter lembranzas sobre os títeres e as misións pedagóxicas, ou sobre este personaxe galego que popularizou a familia Silvent a principios do século XX, agradecemos a colaboración da cidadanía e do tecido asociativo de Rianxo e das súas parroquias.

- 20 de xullo — 16.00 h. / Campo Maneiro de Taragoña - cancelado
- 23 de xullo — 16.00 h. / Parque de Santa Lucía de Asados - cancelado

### 4 — Exposicións

Ao igual que en anos anteriores, as exposicións integradas no programa deron a coñecer diferentes aspectos do patrimonio titiriteiro galego, a súa historia e a súa relación con propostas equivalentes de toda Europa.

#### Onde foi Barriga Verde?

Nesta mostra de paneis repásase a historia de Barriga Verde e a súa desaparición. Abórdase tamén a importancia das feiras como espazos culturais e propónse unha reflexión sobre o futuro destas tradicións.

#### A arte dos Silvent

Esta exposición repasa as múltiples facetas creativas da familia que popularizou a Barriga Verde en toda Galiza. Unha homenaxe a todo un colectivo de artistas itinerantes que desempeñou un importante papel de dinamización cultural e de transmisión do legado da tradición titiriteira europea.

#### A grande familia do títere europeo

Exposición en paneis sobre a xenealoxía de Barriga Verde e os títeres europeos. Pulchinella, Punch, Guignol, Kasper... todos os representantes internacionais

desta familia preséntanse nunha serie de paneis contextualizándoos e explicando a súa evolución e diferenzas.

- Do 20 ao 24 de xullo
- Auditorio de Rianxo / [Localización en Google Maps](#)

## **5 — Xantar popular e encontros de formación de públicos coas compañías de Larraitz Producións Artísticas e Mircromina**

Despois de tanto tempo de illamento, vimos importante xerar puntos de reencontro entre as persoas das distintas parroquias, artistas e públicos en xeral. Para iso, convocamos o público e as distintas asociacións culturais do municipio para que participasen dunha conversa que tivo lugar ao remate da función cos artistas destas dúas compañías co fin de conversar sobre distintos temas, como a actualización, tamén en clave de xénero, dos contidos e das formas dos espectáculos tradicionais; sobre a vida titiriteira, os procesos de creación e a continua aprendizaxe en cada unha das producións, a superación das diferentes dificultades etc.

Como colofón a este momento do espectáculo e encontro, quixemos compartir nesas paraxes un tempo de xantar popular, onde cada familia levará a súa comida e/ou instrumentos musicais. Sempre mantendo as distancias de xeito seguro e compartir un tempo de xantar ben titiriteiro, pero esta última opción cancelouse por alta incidencia covid na zona.

- 20 de xullo — 13.00 h. / Campo Maneiro de Taragoña
- 23 de xullo — 13.00 h. / Parque de Santa Lucía de Asados

## **6 — Encontro de formación de públicos coa compañía Indignati (Asociación Galega de Commedia dell'Arte)**

Encontro post-estrea, onde os integrantes da compañía falan do proceso de creación, as fontes de inspiración, as fases de produción, a colaboración coas distintas entidades e artistas, a evolución do proxecto desde a idea primixenia ata a consecución do feito escénico no día da estrea.

23 de xullo — 21.30 h. / Centro Cultural A Capela do Araño / [Localización en Google Maps](#) (Previsto no Pazo do Rianxiño mudouse aí pola chuvia)

## 7 — Posta en marcha dunha rede de voluntariado

Nesta edición iniciáronse contactos con persoas do grupo de teatro amateur Airiños e da Escola de Música de Rianxo que colaboraron como voluntarios en traballos de promoción e divulgación das actividades, crearon vídeos de dinamización á participación e axudaron na venta das camisetas do festival.

Exemplos de accións promocionais e de difusión con venta de camisetas e reparto de programas.

<https://www.facebook.com/titiriberia/posts/2600435913585439>

<https://www.facebook.com/titiriberia/posts/2595777834051247>

## 8- Gravación e edición de vídeos

No transcurso do festival realizáronse gravacións de todas as actividades e actuacións con vistas a elaborar un resumo videográfico da actividade. Ademais realizáronse rexistros da mesa redonda e da presentación do libro “Fábulas da montaña” para a súa publicación íntegra na rede. Como parte da colaboración do festival con novas producións escénicas, tamén se gravaron íntegras as funcións das Varietés de Barriga Verde (que se publicará íntegra), Máscara maldita, de Indignati e mais A feira das sementes de Babaluva, que se achegarán ás compañías para o seu uso promocional como videobooks.

A maiores, contouse con tres vídeos promocionais que desenvolveu o grupo local de teatro Airiños, dando mostra do seu talento escénico e achegando o programa a claves locais. Consideramos que esta proposta conseguiu un alto impacto e contribúe de xeito decisivo a integración do festival na axenda cultural local.

Mesa redonda. Títeres e medios.Unha relación inexistente <a href="https://www.youtube.com/watch?v=ZL2cOFailuQ&amp;t=13s">https://www.youtube.com/watch?v=ZL2cOFailuQ&amp;t=13s</a>
Promocional con Teatro Airiños <a href="https://www.youtube.com/watch?v=ZR5CHWf2nN4">https://www.youtube.com/watch?v=ZR5CHWf2nN4</a>
Promocional con Teatro Airiños <a href="https://www.youtube.com/watch?v=tdBlsp9mf-E">https://www.youtube.com/watch?v=tdBlsp9mf-E</a>
Promocional con T. Airiños <a href="https://www.youtube.com/watch?v=Q7Dk4ppE9ko&amp;t=8s">https://www.youtube.com/watch?v=Q7Dk4ppE9ko&amp;t=8s</a>
Máscara maldita de Indignati <a href="https://www.youtube.com/watch?v=WyjX73KJmGg&amp;list=PL0VxWyBErW3OvF3bj-yIH-tXYMiWyo2gR&amp;index=7">https://www.youtube.com/watch?v=WyjX73KJmGg&amp;list=PL0VxWyBErW3OvF3bj-yIH-tXYMiWyo2gR&amp;index=7</a>
Varietés do Barriga Verde 2021 <a href="https://www.youtube.com/watch?v=Te9B_aGl7ro">https://www.youtube.com/watch?v=Te9B_aGl7ro</a>
A feira das sementes de Babaluva <a href="https://youtu.be/HQUtYT3tRIU">https://youtu.be/HQUtYT3tRIU</a>
Presentación do libro Fábulas da montaña <a href="https://www.youtube.com/watch?v=z4O7weYnVm0&amp;t=5s">https://www.youtube.com/watch?v=z4O7weYnVm0&amp;t=5s</a>
Resumo do Festival edición 2021 <a href="https://www.youtube.com/watch?v=SjrflRTqAmM&amp;t=27s">https://www.youtube.com/watch?v=SjrflRTqAmM&amp;t=27s</a>

### 3. DATAS E LUGAR DE REALIZACIÓN

A VI edición do TITIRIBERIA, Festival de Títeres Tradicionais “Cachaporras de pau de laranxo”, desenvolveuse entre o 20 e o 24 de xullo de 2021, en diferentes localizacións do Concello de Rianxo. Fíxéronse tamén accións de promoción e venta de camisolas previo ao festival durante o mes de xullo.

### 4. CUANTIFICACIÓN E PERFIL DAS PERSOAS PARTICIPANTES

As limitacións establecidas polas autoridades sanitarias para asistencia a eventos culturais nas datas de celebración do festival limitaron o alcance das actividades. Os encontros de xantar popular e cafés da memoria en concreto tivemos que cancelalos por aumento da incidencia na zona. Deste xeito, polas limitacións dos auditorios e polo control de capacidades no exterior, as cifras de público foron inferiores ao habitual, pero a posibilidade de facer cousas en exterior no tempo de verán facilitou que aumentara a participación presencial considerablemente respecto da edición anterior.

A sumar as diferentes funcións e espazos, o recuento de público presencial, realizado pola Asociación e o Concello, é de 1376 persoas, o que inclúe as visitas a exposicións, tanto autónomas como guiadas, a asistencia a espectáculos colectivos, a participación nos obradoiros, nas presentacións dos libros e na participación dos encontros de formación de públicos coas distintas compañías presentes no festival. A cifra é ao noso parecer un éxito dada a complexa situación en que se desenvolveu o programa, e amosa un importante interese, tanto a nivel local como fóra de Rianxo pola proposta.

A esta asistencia presencial cómpre sumar visitas aos vídeos do festival na canle de Youtube, que confirman a existencia dun importante público con interese polas propostas do festival e mais dos títeres tradicionais.

#### 4.1 PÚBLICO TOTAL PRESENCIAL TITIRIBERIA 2021 - 1.376 PERSOAS

Datos aportados polo concello de Rianxo que foi o responsable de realizar a xestión de aforo. Por mor da pandemia, a asistencia de público aberto foi por rigorosa é detallada inscrición de públicos a través dos enderezos do concello, indicando nome, apelidos, así como os teléfonos de contacto, colocando aos convivintes agrupados e separados dos non convivintes.

Nalgunhas das actuacións asistiron tamén os participantes dos campamentos de conciliación do concello acompañados polos monitores responsables a cargo. Os datos de estimación están recollidos polo persoal da Asociación Morreu o Demo presente en todos os actos do festival.

<b>XULLO 2021</b>	<b>Actividade</b>	<b>Espazo</b>	<b>Perfil</b>	<b>Participantes presenciais</b>
<b>MARTES 20</b>	Dona Barriga Verde. Larraitz Prod. Artísticas	Campo Maneiro, Taragoña	Nenos e nenas do campamento de conciliación municipal acompañados polo persoal responsable do mesmo.	46
	Encontro de formación de públicos. Larraitz Prod. Artísticas	Campo Maneiro, Taragoña	Nenos e nenas do campamento acompañados polo persoal responsable do mesmo.	46
	Dona Barriga Verde Larraitz Prod. Artísticas	Centro Cultural Vicente Vidal, Leiro	artistas do festival e público aberto de todas as idades	54
	obradoiro de construción de títeres. Anxo García	Pazo do Rianxiño	participantes dos campamentos de conciliación acompañados por 3 persoas a cargo.	33
<b>MÉRC. 21</b>	Sidulfo e o diaño. Trécola	Campo do Souto, Isorna	Artistas do festival e público aberto	15
	O cego dos monifates. Seisdedos	itinerante polo mercado na Praza Castelao	2 pases parados cun público estimado 85, ademais dos paseantes namentras itine-raban os artistas interaccionando coa xente que ía de paso que está sen cuantificar	85
	Varietés do animalario. Paporrubio	Centro Cultural A Capela, Araño	Artistas do festival e público aberto.	55
	obradoiro de construción de títeres. Babaluva	CEIP Ana Mª Dieguez	participantes dos campamentos de conciliación acompañados por 3 persoas a cargo.	33
<b>XOVES 22</b>	O día em que a morte sambou. Habib&Valeria	Auditorio de Rianxo	Nenos e nenas do campamento acompañados polo persoal responsable do mesmo e artistas participantes do festival	88
	obradoiro de construción de títeres. Anxo García	CEIP Brea Segade	participantes dos campamentos de conciliación acompañados por 3 persoas a cargo.	33
	Mesa redonda. títeres e medios. Comba Campoi, Xoan Carlos Rioboo, Jorge Rey, Lara Rozados	Auditorio de Rianxo	compañeiros do sector das artes escénicas, artistas do festival e público aberto	18
<b>VENRES 23</b>	Vacacións no mar. Mir-cromina	Patio CEIP Ana Mª Dieguez	Nenos e nenas do campamento acompañados polo persoal responsable do mesmo, artistas do festival e público aberto.	84

	Encontro de formación de públicos. Mircromina	Patio CEIP Ana M <sup>a</sup> Dieguez	Nenos e nenas do campamento acompañados polo persoal responsable do mesmo, artistas do festival e público aberto.	84
	Máscara maldita. Indignati	Centro Cultural A Capela, Araño	artistas do festival e público aberto.	40
	Encontro de formación de públicos. Indignati	Centro Cultural A Capela, Araño	persoas adultas, artistas do festival e público aberto.	10
	Varietés do Barriga Verde	Auditorio de Rianxo	persoas adultas, artistas do festival e público aberto.	62
<b>SÁBADO 24</b>	Retrocuentos. La fábrica fantástica	Auditorio de Rianxo	artistas do festival e público aberto.	70
	Presentación Libro Fábulas da Montaña. Inacio Vilariño	Auditorio de Rianxo	artistas do festival e público aberto.	17
	Feira das sementes. Babaluva	Auditorio de Rianxo	Artistas do festival e público aberto.	73
<b>20 ao 24</b>	3 EXPOSICIÓNS	Auditorio de Rianxo	Participantes dos actos do festival e público aberto	430
<b>TOTAIS</b>				<b>1376</b>

A teor dos datos, a participación no evento foi moi alta, como dá fé o feito de ter que mudar as localizacións de dúas as actividades (encontro co público de Mircromina e actuación de Vacacións no mar) pola alta demanda de asistencia. Verificouse ademais o alto interese do público nas actividades de interacción coas compañías e un comportamento espléndido que dan fe do interese que existe en Rianxo polas actividades escénicas.

Observamos unha importante diferenza entre as actividades que se desenvolven máis próximas ao centro urbano e aquelas que se achegan ás parroquias máis rurais, onde a asistencia foi inferior, especialmente na parroquia de Isorna. Isto fai pensar á organización na necesidade de incrementar a promoción e facilitar os desprazamentos nestes casos, ou ben propor actividades complementarias (encontros co público, animación, xantar...) que animen ao desprazamento a público de fóra desas parroquias coa perspectiva dun programa que cubra media xornada de entretemento e non apenas unha función. A intención é seguir o esquema que se desenvolveu este ano en Asados, onde a participación destacou respecto das outras parroquias coa actuación de Mircromina e a posterior actividade de formación de públicos, onde se combinou a asistencia de público xeral e os participantes do campamento.



## 4.2 PARTICIPACIÓN NON PRESENCIAL

A esta asistencia presencial cómpre sumar as visitas aos vídeos do festival na canle de Youtube (a decembro de 2021), que confirman a existencia dun importante público con interese polas propostas do festival e mais polos títeres tradicionais que non podendo asistir conectouse a través das redes con posterioridade.

Visitas aos vídeos do festival na canle de Youtube da asociación Morreu o Demo (Decembro de 2021)

Vídeos	Nº visualizacións
Mesa redonda. Títeres e medios.Unha relación inexistente <a href="https://www.youtube.com/watch?v=ZL2cOFailuQ&amp;t=13s">https://www.youtube.com/watch?v=ZL2cOFailuQ&amp;t=13s</a>	30
Promocional con Teatro Airiños <a href="https://www.youtube.com/watch?v=ZRsCHWf2nN4">https://www.youtube.com/watch?v=ZRsCHWf2nN4</a>	30
Promocional con Teatro Airiños <a href="https://www.youtube.com/watch?v=tdBlsp9mf-E">https://www.youtube.com/watch?v=tdBlsp9mf-E</a>	49
Promocional con Teatro Airiños <a href="https://www.youtube.com/watch?v=Q7Dk4ppE9ko&amp;t=8s">https://www.youtube.com/watch?v=Q7Dk4ppE9ko&amp;t=8s</a>	183
Promocional con Teatro Airiños voluntariado camisolas <a href="https://drive.google.com/drive/folders/1SDXDhhWd_eD504QNZqVim5DPxYYC_49a">https://drive.google.com/drive/folders/1SDXDhhWd_eD504QNZqVim5DPxYYC_49a</a>	
Maldita máscara de Indignati <a href="https://www.youtube.com/watch?v=WyjX73KJmGg&amp;list=PL0VxWyBErW3OvF3bj-yIH-tXYMiWyo2gR&amp;index=7">https://www.youtube.com/watch?v=WyjX73KJmGg&amp;list=PL0VxWyBErW3OvF3bj-yIH-tXYMiWyo2gR&amp;index=7</a>	2
Varietés do Barriga Verde 2021 <a href="https://www.youtube.com/watch?v=Te9B_aGI7ro">https://www.youtube.com/watch?v=Te9B_aGI7ro</a>	2
A feira das sementes de Babaluva <a href="https://www.youtube.com/watch?v=HQUtYT3tRIU&amp;list=PL0VxWyBErW3OvF3bj-yIH-tXYMiWyo2gR&amp;index=6">https://www.youtube.com/watch?v=HQUtYT3tRIU&amp;list=PL0VxWyBErW3OvF3bj-yIH-tXYMiWyo2gR&amp;index=6</a>	2
Presentación do libro Fábulas da montaña <a href="https://www.youtube.com/watch?v=z4O7weYnVm0&amp;t=5s">https://www.youtube.com/watch?v=z4O7weYnVm0&amp;t=5s</a>	14
Resumo do Festival edición 2021 <a href="https://www.youtube.com/watch?v=SjrfLRTqAmM&amp;t=27s">https://www.youtube.com/watch?v=SjrfLRTqAmM&amp;t=27s</a>	13

## 5. REPERCUSIÓN EN MEDIOS DE COMUNICACIÓN E REDES SOCIAIS

O peso da pandemia deixouse notar na cobertura dada ao evento. Unha maior dificultade para os traslados e problemas similares dificultaron en boa medida o acceso de profesionais da comunicación ao evento. Do mesmo xeito, a coincidencia temporal coa Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia puido complicar a presenza de enviados específicos no campo escénico e cultural ao festival. No entanto, ao ver da organización, conseguiuase unha importante cobertura mediática, en particular en medios de ámbito galego e naqueles cun especial interese pola cultura. TVG, Radio Galega, La Voz de Galicia, Praza Pública, Nós Diario ou axencias como Europa Press facilitaron un impacto a nivel galego, que se complementou coa atención que prestaron ao evento medios

especializados como Erregueté ou Culturagalega.org. Deste xeito, pensamos que o impacto mediático contribuíu a asentar o festival como referente no ámbito escénico do país.

Ao tempo, houbo un seguimento destacado por parte de medios comarcais, que deron cumprida cobertura ao programa, a incluír presenza televisiva, que consideramos poden contribuír a unha maior integración do festival na sociedade e na axenda cultural da Arousa Norte.

Ligazón ao Dossier de Prensa Titiriberia 2021 para a súa descarga

<https://drive.google.com/file/d/1vtvMiNSXk4gXjrrE4oyAMZ6qd5ZuaEMB/view?usp=sharing>

O web do festival e mais o da asociación publicaron un total de 9 entradas vencelladas ao festival (sete no web do propio evento e 2 no da asociación).

Enviáronse un total de 9 notas de prensa sobre o evento a medios de todo tipo.

<https://titiriberia.com/>

<https://titiriberia.com/titiriberia/edicion-2021/>

<https://barrigaverde.eu/cms/titiriberia/>

<https://www.facebook.com/titiriberia/>

## Mostra do Impacto en redes sociais: Facebook

En xeral a organización está satisfeita coa reacción ás redes sociais. Houbo unha actualización dos perfís tanto do festival como da asociación continua con dúas e tres actualizacións diarias e contidos específicos para os diferentes perfís. As redes sociais amosáronse como un medio axeitado para informar tanto do programa como de mudanzas de última hora e favorecer a asistencia de público, ademais de achegar unha imaxe viva do festival con fotografías dos actos, presenza do público e un ton máis directo e desenfadado de comunicación.

Perfil

Titiriberia

Legenda	Hora	Alcance	Gostos e reações	Comentarios	Partilhas	Cliques
Esta mañá estivemos no Concello de Rianxo a presentar o VI Titiriberi...	2 0 2 1 - 0 7 - 0 1 11:14:22	2598	59	0	8	56
O festival aínda non comezou, pero xa podes apañar a túa camiseta co deseño deste ano no posto que temos na feira de Rianxo! Son divinas! Cachaporras de pau de laranxo para todo o mundo!	2 0 2 1 - 0 7 - 1 1 01:53:27	2011	75	5	7	55

Velaí un pequeno resumo fotográfico da segunda xornada do festival. Maese Seisdedos, Trécola Producións e Varietés do animalario dérono todo hoxe! Lembra coller entradas para mañá! Cultura Rianxo Cultura da Deputación da Coruña	2 0 2 1 - 0 7 - 2 1 12:14:57	1588	36	0	5	130
Sementes, sustentabilidade, historias e... Monicreques!! Babaluva estrea no festival a súa nova produción! No auditorio ás 21h!	2 0 2 1 - 0 7 - 2 4 08:54:02	1386	31	1	7	27
A primeira xornada do Titiriberia deixou lindas imaxes do encontro da rapazada dos Campamentos de Conciliación do Concello de Rianxo coa Dona Barriga Verde de Larraitz, dos resultados dos obradoiros de creación de títeres e da sesión de tarde de Dona Barriga Verde! Cultura Rianxo Cultura da Deputación da Coruña	2 0 2 1 - 0 7 - 2 0 12:58:53	1134	22	0	3	74
ATENCIÓN! Por cuestións de capacidade, modifícanse locais das actuacións previstas para o día 23! Reservas en: <a href="https://concelloderianxo.gal/reservas">https://concelloderianxo.gal/reservas</a> (preferente), ou no teléfono 981 100 688 Cultura Rianxo Cultura da Deputación da Coruña	2 0 2 1 - 0 7 - 2 2 04:08:29	1122	15	0	7	19
Olliño! a mesa redonda "Títeres e medios, unha relación inexistente" pasa a se desenvolver no Auditorio de Rianxo ás 20h! (...) Reserva en <a href="https://concelloderianxo.gal/reservas">https://concelloderianxo.gal/reservas</a> (preferente), ou no teléfono 981 100 688 Cultura Rianxo Cultura da Deputación da Coruña	2 0 2 1 - 0 7 - 2 2 06:42:26	917	9	0	5	38
E tamén os primeiros obradoiros de creación de títeres! Cultura Rianxo Cultura da Deputación da Coruña	2 0 2 1 - 0 7 - 2 0 03:18:30	801	43	1	5	22
E xa en marcha Dona Barriga Verde para as crianzas que fan parte dos Campamentos de Conciliación do Concello de Rianxo! Cultura Rianxo Cultura da Deputación da Coruña	2 0 2 1 - 0 7 - 2 0 03:16:38	779	69	0	3	14

Esta noite nas Varietés de Barriga Verde temos un programa ben intenso. TEATRO AIRIÑOS de Asados Rianxo, un cuarteto da Coral Escola de Música de Rianxo, a primicia da representación dun fragmento da obra "República Sideral" (...) Unha experiencia única para adultos a partir das 23 horas no Auditorio de Rianxo. Reservas en <a href="https://concelloderianxo.gal/reservas">https://concelloderianxo.gal/reservas</a> (preferente), ou no teléfono 981 100 688 Cultura Rianxo Cultura da Deputación da Coruña	2 0 2 1 - 0 7 - 2 3 01:15:04	636	16	0	5	12
Atentos ao que trae esta mañá La fábrica fantástica ao festival!! Reservas en <a href="https://concelloderianxo.gal/reservas">https://concelloderianxo.gal/reservas</a> (preferente), ou no teléfono 981 100 688 Cultura Rianxo Cultura da Deputación da Coruña	2 0 2 1 - 0 7 - 2 4 00:00:58	596	4	0	2	5
Algo que nunca falta no Titiriberia é algunha das versións que están en activo do noso títeres tradicional por excelencia. Desta volta Larraitz abre a edición con 2 funcións 2 da súa Dona Barriga Verde! Ás 12 da mañá actuará en exclusiva para os Campamentos de Conciliación municipais. (...) <a href="https://titiriberia.com/titiriberia/edicion-2021/programacion/#martes20">https://titiriberia.com/titiriberia/edicion-2021/programacion/#martes20</a>	2 0 2 1 - 0 7 - 2 0 00:12:53	579	14	0	4	4
PROGRAMA COMPLETO DO FESTIVAL EN PDF, CON FOTOS, RESÚMENES E INDICACIÓN DE COMO RESERVAR ENTRADAS:  <a href="https://titiriberia.com/wp-content/uploads/2021/07/programa_titiriberia_2021.pdf">https://titiriberia.com/wp-content/uploads/2021/07/programa_titiriberia_2021.pdf</a>  Tamén dispoñible no web <a href="https://titiriberia.com/titiriberia/edicion-2021/programacion/">https://titiriberia.com/titiriberia/edicion-2021/programacion/</a>  Cultura da Deputación da Coruña Cultura Rianxo	2 0 2 1 - 0 7 - 1 9 03:46:21	557	3	0	4	23

Este sábado amosamos como se poden facer títeres cun libro!! "Fábulas da montaña" de Inacio Vila-riño é un volume convertible a teatro de papel cos personaxes listos para xogar ás marionetas (...) Ás 20:30 no auditorio de Rianxo! Con Edicións Embora Cultura Rianxo Cultura da Deputación da Coruña	2 0 2 1 - 0 7 - 2 4 04:30:42	522	9	0	2	0
A feira hoxe en Rianxo ten uns visitantes particulares... O cego dos monifates anda a facer das súas (...)	2 0 2 1 - 0 7 - 2 1 02:39:33	483	38	0	2	5
A República Sideral coa que Carro d'Eguas se fixo co Premio Barriga Verde de Teatro para Títeres estará presente no VI Titiriberia dun xeito moi especial. Permaneced atentadas! O festival desenvólvese co apoio de Cultura Rianxo e de Cultura da Deputación da Coruña, o libro ve a luz da man de Agadic e Baía Edicións  <a href="https://baiaedicions.gal/republica-sideral.html?fbclid=IwAR0FCOG-3niiia0sdn-K4F3tSmmtuS3rLRpudlst8E8jrFmNhTP2PucDnKYw">https://baiaedicions.gal/republica-sideral.html?fbclid=IwAR0FCOG-3niiia0sdn-K4F3tSmmtuS3rLRpudlst8E8jrFmNhTP2PucDnKYw</a>	2 0 2 1 - 0 7 - 0 2 03:34:35	461	20	0	3	8

## Perfil Proxecto Barriga Verde

Legenda	Hora	Alcance	Gostos e reações	Comentários	Partilhas	Cliques
Para alén de ser unha axuda para que Titiriberia. Festival de títeres tradicionais ibéricos se celebre,a verdade é que as camisolas que fixemos son ben chulas! ☐	2 0 2 1 - 0 7 - 1 1 01:55:19	515	18	1	1	10
O VI Titiriberia. Festival de títeres tradicionais ibéricos ben explicadiño da man da nosa presidenta en Praza Pública , mil grazas a Cultura da Deputación da Coruña e Cultura Rianxo por o facer posible!!!	2 0 2 1 - 0 7 - 1 7 01:14:13	375	23	0	27	31

E para alén de todas esas cousas, Tero Rodríguez é tamén un valioso membro da nosa asociación e fai parte da organización do Titiriberia. Festival de títeres tradicionais ibéricos en Rianxo, onde representará con Os quinquilláns un número moi especial! Parabéns!!  <a href="https://www.facebook.com/esadgalicia/posts/4554435941307810">https://www.facebook.com/esadgalicia/posts/4554435941307810</a>	2 0 2 1 - 0 7 - 1 7 10:00:15	256	5	0	0	3
Imaxes do primeiro día do Titiriberia. Festival de títeres tradicionais ibéricos	2 0 2 1 - 0 7 - 2 0 13:00:56	211	6	0	0	13
Un día intenso no Titiriberia. Festival de títeres tradicionais ibéricos Cultura Rianxo Cultura da Deputación da Coruña Mañá máis!	2 0 2 1 - 0 7 - 2 1 12:16:10	208	10	0	0	2
Hoxe a compañeira Larraitz monta a festa en Lalín. Entre as convidadas... Dona Barriga Verde fará acto de presenza!!	2 0 2 1 - 0 7 - 0 4 03:22:10	198	5	0	0	3
Titiriberia. Festival de títeres tradicionais ibéricos vai se facendo sentir en Rianxo! Camisetas estupendas!	2 0 2 1 - 0 7 - 1 8 04:37:22	179	5	0	0	0
Portugal xa incorporou o seu Barriga Verde ao patrimonio cultural inmaterial. Temos que facer do noso Ben de Interese Cultural!!!	2 0 2 1 - 0 7 - 1 6 15:03:28	179	9	1	1	2
A fechar o Titiriberia. Festival de títeres tradicionais ibéricos estreamos o novo de babaluva Cultura da Deputación da Coruña Cultura Rianxo	2 0 2 1 - 0 7 - 2 4 08:56:09	176	5	0	2	7
Ai ven o novo Titiriberia. Festival de títeres tradicionais ibéricos: Rianxo, praia, verao... e cachaporras!! (...)	2 0 2 1 - 0 7 - 0 1 11:15:22	172	7	0	0	3

En canto ás publicacións en webs, permitiron unha información detallada do programa, a achegar resumos diarios das propostas e a indicar tamén as modificacións previstas no mesmo. Para alén do impacto conseguido cos webs da AC Morreu o Demo e do propio festival, a continua cobertura que o Concello de Rianxo realizou do evento a través do seu propio web e redes sociais facilitaron enormemente a conexión co público local e a difusión dos contidos.

## INFORMACIÓN ADICIONAL

### Reportaxe fotográfica

<https://drive.google.com/drive/folders/1EFWWTs4qLgutJgB85iwlhfpmFN-f6WYE>

### Titiriberia

- [titiriberia.com](http://titiriberia.com)
- [www.facebook.com/titiriberia](https://www.facebook.com/titiriberia)

### Morreu o demo

- [barrigaverde.eu](http://barrigaverde.eu)
- [facebook.com/proxectoBarrigaVerde](https://facebook.com/proxectoBarrigaVerde)
- [twitter.com/morreuodemo](https://twitter.com/morreuodemo)
- [youtube.com/c/BarrigaverdeEu](https://youtube.com/c/BarrigaverdeEu)

### Concello de Rianxo

- [rianxo.gal](http://rianxo.gal)
- [facebook.com/concelloderianxo](https://facebook.com/concelloderianxo)
- [twitter.com/concellorianxo](https://twitter.com/concellorianxo)

## 6. RESULTADOS OBTIDOS

A edición do 2020 foi acollida apresuradamente no Concello de Rianxo debido a cancelación de última hora de Teo, concello onde se desenvolveron as catro edicións anteriores. A rapidez coa que se integrou o evento na programación cultural local fixo que fose necesario trasladar as datas de celebración, dexeito que o evento se integrou na primeira edición na vila, na programación de Nadal do Concello.

A aposta deste novo concello por afianzar e perpetuar o Festival Titiriberia foi decidida, e supuxo montar unha nova edición a seis meses da anterior, pasando

do inverno ao verán. As novas datas permiten dispor de espazos naturais onde programar que se suman á variedade de espazos culturais nas distintas parroquias. Grazas a este cambio estacional podemos contar con maior presenza territorial coa distribución de actividades polo concello, xerando dinamización interparroquial e tamén máis interrelación entre centro urbano e zona rural. En relación a isto, a actividade chegou tamén á importante poboación vacacional que acolle a vila no tempo de verán, e consideramos que de cara a este público o festival permitiu saír do habitual turismo de praia e complementar a súa estada con novos contidos culturais, ademais de chamar á visita de zonas de rurais e do interior do concello alén dos máis habituais espazos do litoral e do centro urbano da vila.

A disposición do Concello de Rianxo foi enormemente positiva desde o primeiro momento, e mesmo se comprometeron a un apoio económico superior ao acordado na edición anterior. Ao tempo, a cámara municipal correu coa distribución de carteis, contratación de anuncios en medios de comunicación comarcais e apoio loxístico e técnico, ademais da xestión de públicos e do acondicionamento das distintas áreas recreativas e espazos culturais, con aforos delimitados con sinalectica e cadeiras para os espectadores, en definitiva a adecuación dos espazos ás medidas hixienico-sanitarias precisas neste tempo de pandemia para garantir a participación do público dun xeito seguro.

A dispoñibilidade dun auditorio completamente equipado a nivel de son e iluminación e con persoal dedicado, así como a colaboración de todo o persoal municipal facilitou enormemente o desenvolvemento das actividades do festival, tanto na vila como nas parroquias.

A enorme resposta positiva de concello, veciñanza, colectivos locais e mesmo profesionais do espectáculo presentes en Rianxo marcan unha época de enorme optimismo de cara á consolidación do festival na súa nova localización e á súa integración no tecido cultural da zona, nunha vila que demostra de xeito continuado a súa vocación por ser referente e herdeira dunha importante tradición cultural. A existencia dun importante movemento de teatro amador na zona (Mostra de Teatro Afeccionado Alter Ego, ou Grupo de Teatro Airiños, nado en Asados en 1933), que amosaron activamente o seu interese polo evento, canda a unha importante dinámica escénica previa, con grande implicación de público, facilita a creación dunha rede de colaboración e a integración do evento na programación local.

A organización do festival apostou na edición 2021 por contar maioritariamente con compañías galegas. A decisión serviu por unha banda como un xeito de apoio a un sector escénico moi debilitado pola crise sanitaria. Pola outra, evitou a problemática de desprazamentos a longa distancia en momentos nos que a mobilidade aínda estivo seriamente limitada. Canda a isto, a aposta por formatos escénicos adaptables a exterior e interior facilitou facer cambios de última hora debidos á chuvia e só foron canceladas, polo aumento da incidencia da COVID na zona, os cafés da memoria e os xantares populares.



As diferentes actividades e propostas escénicas do festival conseguiron unha edición cun importante éxito de público (recollidos nos puntos 4 e 5 desta memoria), e acadouse un afianzamento da asistencia, así como a integración do festival na axenda local e total seguridade sanitaria, trasladándose á sociedade a idea de cultura segura.

A hospedaxe e consumo de dietas de traballadores e artistas, realizouse exclusivamente con entidades de Rianxo, de xeito que o propio festival fixo un esforzo en que parte dos recursos obtidos tanto pola Deputación da Coruña como por parte do Concello retornaran ao comercio local.

## COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES ASOCIATIVAS

### - Grupo de Teatro Airiños -rede de voluntariado

A AC Morreu o Demo iniciou no 2020 unha colaboración co Grupo de Teatro Airiños nesta xeira do festival. Para alén de lles facer descontos na matrícula do Curso de Commedia Dell'Arte e da conferencia correspondente, falou previamente con este colectivo para coñecer os seus intereses e preferencias á hora de programar os horarios e contidos deste proxecto, con vistas a procurar unha maior integración da comunidade local no proxecto e tecer redes de colaboración.

Nesta edición 2021 iniciáronse os primeiros pasos para tecer esa rede de voluntariado local onde o grupo de Teatro Airiños mobilizou aos seus asociados e colaborou activamente na difusión da programación, na venta das camisetas, e na realización de catro vídeos de difusión e dinamización para dinamizar esa participación interparroquial tan necesaria para que as xentes de Rianxo sintan o festival como algo propio.

Co ánimo de xerar sinerxias entre asociacións e a aproveitar os seus coñecementos teatrais, participou activamente realizando un dos números do Varietés do Barriga Verde, o sketch "Felinísimas".

### - Escola de Música de Rianxo - rede de voluntariado

Nesta edición incorporouse a colaboración da Escola de Música de Rianxo, iniciáronse os primeiros pasos da creación da rede de voluntariado onde os seus membros contribuíron na divulgación do programa e na difusión activa do festival a través da venta de camisetas, elaboración de pezas musicais para os distintos vídeos realizados polo festival, ademais de participar no Varietés de Barriga Verde 2021 cun cuarteto de música que amenizou a gala.

## - Asociación Cultural Gli Indignati - Apoio a creación escénica

Ao igual que en anos anteriores, o festival aposta pola colaboración da Asociación Gli Indignati de Commedia dell'arte. A partir do interese común por esta forma artística que está na base do títere tradicional europeo desenvólvense sinerxías que, por unha banda, achegan contexto (vía encontro de formación de públicos) aos contidos do programa do festival, e pola outra complementan o mesmo. A presenza da compañía escénica deste colectivo no programa amosa a posibilidade de abordar nun formato como é o teatro convencional tramas e contidos que se ven tamén representados na forma dos títeres. O diálogo entre estas formas contribúe, por unha banda, a contextualizar e darlle ao títere tradicional a súa categoría de patrimonio cultural. Ao tempo, contribúe á divulgación desta forma teatral ao amosar o seu vencello con formas populares e integradas na memoria do país como é o títere tradicional e Barriga Verde. Para alén da contratación, desenvólvese un continuo debate entre as asociacións con vistas a consolidar e ampliar estas sinerxías.

## Produción e apoio a compañías e propostas escénicas

A AC Morreu o Demo contribúe á produción *Máscara maldita* de Indignati co apoio na comunicación e no deseño gráfico e artístico do proxecto. Ademais realizou un asesoramento histórico e artístico para facilitar a integración de elementos tradicionais na montaxe. Ademais, elaborouse un vídeo na estrea do espectáculo que se puxo a disposición da compañía para o seu emprego promocional ou no desenvolvemento da dramatruxia.

Do mesmo xeito, elaborouse e púxose a disposición da compañía o vídeo da estrea de *A Feira das sementes de Babaluva*.

A elaboración de vídeos serviu como apoio para as compañías que estrearon no evento, xa que se puxo á súa disposición tanto o material gravado en bruto como os vídeos editados. Isto achégalles a todas elas unha ferramenta destacada para a promoción, elaboración de vídeo-booking ou calquera outro uso que lle queiran dar a este material.

## Produción do espectáculo *A varietés de Barriga Verde*

Como é habitual, a organización do festival apostou pola creación dun espectáculo específico para a edición, a contar con profesionais de diferentes ámbitos do sector (circo, música, títeres, teatro, ...) que se encontraron neste formato multimedia e aberto ás súas achegas. A proposta de números de curta duración favorece a creación de redes e o diálogo entre diferentes formas creativas, dando pé a sinerxías e a xerar novos números, como se pode comprobar na

propia gravación do espectáculo, onde diferentes artistas interveñen alén dos seus números orixinais e xeran novas formas creativas. A destacar a alta presenza de artistas de Rianxo grazas á participación da Escola de música de Rianxo e ao grupo amador Teatro Airiños do concello.

### Mesa redonda

A AC Morreu o Demo deixou a disposición do sector teatral e do público afeccionado os contidos íntegros da mesa redonda sobre a relación inexistente dos títeres nos medios, materiais de grande interese para formación e o debate, tanto no seo das profesións escénicas como no marco dos medios de comunicación.

### Venda de camisetas

O grande recorte na axuda concedida por parte da deputación neste ano 2021 obrigou a incorporar novas vías de ingresos, marcadas tamén pola urxencia debido a que a edición 2021 foi adiada ao mes de xullo, e tivemos moi pouco tempo desde a resolución das axudas ata a execución do proxecto.

A venda de camisetas por parte da organización revelouse como un bo soporte publicitario e facilitou a súa vez a achega de 990€ para financiar o evento, ademais de presenza do festival na vila en datas previas á súa realización, a aproveitar un espazo tan popular como a feira. Ao sacar os títeres e o festival do ámbito máis estritamente cultural, os postos que se montaron en diferentes días achegaron unha perspectiva desenfadada e aberta do programa. Ao tempo, a venda deste material achegou novos recursos aos fondos con que conta a actividade e incrementou a publicidade do mesmo mediante o uso que a poboación local lle deu a estas prendas, o que contribúe a que a poboación de Rianxo sinta como propio e evento e o integre na súa axenda. Consideramos que foi todo un éxito esta iniciativa, que se alargou tamén á achega de camisetas á rede de voluntariado que participou no evento, o que incrementou tamén o potencial promocional destas prendas.

## RESERVA DE ENTRADAS

O sistema de reserva de entradas xestionado polo concello facilitou enormemente a asistencia ordenada aos eventos do programa e funcionou dun xeito coordinado e claro. Apenas se produciron casos de xente que se achegase aos eventos sen contar con reserva previa, o que amosa tamén o alto grado de concienciación que existe entre o público de Rianxo a este respecto. No caso de climatoloxía adversa, as actividades trasladáronse ás instalacións sinaladas na publicidade específica.

Este documento só terá validez se está asinado dixitalmente pola Presidencia da entidade, ou pola persoa nomeada como representante